

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no ensino 2023, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia.

Mediante a Orde do 9 de xaneiro de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 26, do 7 de febreiro), establecéronse as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2023.

Nas bases reguladoras establécese que os traballos participantes neste concurso serán avaliados por un tribunal e que a persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social resolverá a concesión dos premios, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez emitidas as propostas de concesión dos premios polos tribunais encargados de avaliar os traballos presentados, nas súas reunións do 24 e 25 de maio de 2023, mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, do 25 de maio de 2023, aprobouse a concesión dos premios.

Por todo o anterior,

DISPOÑO:

Facer pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no ensino 2023 dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia que se relacionan no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo
e Economía Social



ANEXO

Certame Cooperativismo no ensino 2023

• Modalidade de actividades artísticas, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial por categorías:

– Categoría A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.

Premio ao mellor traballo: *Todo funciona se cooperamos* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *O clan dos superheroes e heroínas* do CEIP Pintor Antonio Fernández.

– Categoría B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *Xogamos xuntos por un mundo cooperativo* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Cooperaglú* do CEIP San Miguel de Reinante.

– Categoría C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *Cooperación triunfo* do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: *Cooperar ao son das ondas* do CEIP Plurilingüe Domaio.

– Categoría D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *A cooperación une xeracións* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Cooperegueifa* do CEIP San Miguel de Reinante.

• Modalidade de actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial:

Premio ao mellor traballo: *EcoValadares: S. Coop. Xuvenil Galega de Valadares* do IES Valadares.

Accésit: *Vivindo do conto* do CPR Plurilingüe Luis Vives.



• Modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial:

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo: *Holística, Sociedade Cooperativa Galega* presentado polo alumnado do IES A Guía.

Accésit ao proxecto empresarial finalista: *Sail2day* presentado polo alumnado da Sociedade Cooperativa Galega Mendiño.

